



Como banda sonora da cidade 1948-2018
In crescendo coa BMMC

CONCERTO PALACIO DA ÓPERA

16 de decembro de 2018 · 12.15 horas

Director titular: Juan Ocón

A BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE A CORUÑA
XUNTO Á EUROPEJSKA ORKIESTRA
PRESENTAN O SIGUIENTE PERCORRIDO:

Programa

BULGARIA (R. Somoza)	MOLDAVIA (R. Somoza)
RUMANÍA (R. Somoza)	ESPAÑA (R. Somoza)
POLONIA (R. Somoza)	UCRANIA (R. Somoza)
ESLOVAQUIA (R. Somoza)	FRANCIA (R. Somoza)
ALEMANIA (R. Somoza)	GALIZA (R. Somoza)

SOLISTAS:

Nicolay Velikov: violín • Xocas Meijide: clarinete • Sabela Caamaño: acordeón
Roberto Somoza: saxo tenor • Rubén Barros: guitarra • Rubén Montes: percusión
Alfonso Morán: contrabaixo



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

EUROPEJSKA ORKIESTRA - PRESENTACIÓN

Dez composicións de Roberto Somoza para ampla formación (saxo tenor, acordeón, violín, contrabaixo, guitarra e percusión e a Banda de Música Municipal da Coruña) son a orixe de Europejska Orkiestra. A música composta por Somoza comprende unha viaxe a través de varios países europeos (Bulgaria, Romanía, Eslovaquia, Moldavia, Ucraína, Polonia, Alemaña, Francia, España e Galicia) tendo como punto de partida as súas raíces folclóricas. O compositor comenta respecto diso: “A música, relacionada ao longo da historia con distintas culturas e pobos, non entende en realidade de fronteiras, razas ou relixións. É difícil determinar, có paso dos séculos, a quen pertence ou por quen foi creada na súa orixe. En Europejska Orkiestra podemos escoitar un fío condutor que relaciona as dez composicións entre sí, a pesares de pertencer ás raíces folklóricas dos seus países correspondentes. Católicos, protestantes, ortodoxos, musulmáns e xudeus tocan xuntos para transportar ao oínte a unha época na que as fronteiras se confundían entre os albores dos distintos imperios en expansión. Otománs, Viquingos, Hunos ou Vándalos afinan agora os seus instrumentos para que a música volva ser o que sempre foi: xúbilo para o corpo e paz para o espírito.”

O repertorio que conforman esas dez estampas implica un alto grao de destreza interpretativa. As melodías, e sobre todo os ritmos sobre os que estas se asintan, afástanse das obras que poden escoitarse habitualmente nos escenarios de música clásica ou de jazz. Son por tanto unha rareza para os intérpretes se exceptuamos aos músicos dos propios países aos que representan as composicións. Os escollidos polo compositor para esta orquestra sui generis pertencen precisamente, nunha curiosa reunión, a todos eses ámbitos: a clásica/contemporánea, o jazz e o folk, segundo as súas propias palabras.

*A BMMC NESTE ANO
TAN ESPECIAL QUE REMATA,
DESEXA FELICITAR
O NADAL AOS NÓSOS
SEGUIDORES E AGRADECER
A SÚA FIDELIDADE NA
CELEBRACIÓN DO
70 ANIVERSARIO*



Vindeiros Concertos

Día 20 de decembro
ás 20.00 horas no
Teatro Rosalía,
concerto de nadal con
Juan Lois como
director convidado

Día 13 de xaneiro
ás 12.15 horas
no Palacio da Ópera

*Se desexan ser informados
das nosas actividades mediante
correo electrónico, poden solicitarlo
en banda@coruna.es*